Leo, leo, que les?
Unha radiografía das identidades lectoras do alumnado de Educación Infantil e Primaria

Carla Míguez Álvarez, Eulalia Agrelo Costas e Isabel Mociño González,
Universidade de Vigo, Departamento de Didácticas Especiais

Introdución

Cada ano o mes de abril acolle dúas efemérides que consideramos relevantes nunha facultade de educación, como a nosa: O *Día Internacional do Libro Infantil* (IBBY, 2 de abril) e o *Día do Libro* (ámbito nacional, 23). É por iso que dende a área de Didáctica da Lingua e da Literatura nos propuxemos...

Obxectivos:

- Promover o gusto pola lectura.
- Coñecer os imaxinarios literarios dos colectivos vinculados á Facultade de Educación e Traballo Social, en particular as futuras mestras/esde Educación Infantil e Primaria
- Determinar os gustos lectores que definen as traxectorias lectoras de pdi, pas e, sobre todo, alumnado na Facultade.

Estado da cuestión

A **lectura** é unha habilidade crucial no desenvolvemento do individuo en calquera esfera da súa vida, na que máis alá do cognitivo interveñen outros **factores** relacionados co hábito lector, o gusto persoal, o contexto familiar e social, os cales se desenvolven dende idades temperás, outorgándolle un relevante papel ao **docente** (Juárez, 2019).

A **identidade lectora**, concepto multidimensional que contempla ideas e sentimentos cara á lectura, valores e usos asignados a esta práctica influenciados pola contorna (Aliagas et al., 2009; Granado y Puig, 2015; Galindo, 2021), pero ligados á noción de "biblioteca interior" ou "textoteca interna".

Indagar na identidade lectora de futuros docentes a través das obras literarias de referencia persoal permitirá determinar o seu **perfil lector** e intervir na súa formación inicial para mellorar a súa relación coa lectura, incidir na necesidade de promover prácticas reflexivas, dialóxicas e abertas (Levine et al., 2022) e fomentar o desenvolvemento da capacidade para deseñar propostas lectoras máis plenas e exitosas no seu desempeño profesional.

Metodoloxía e recursos

Deseñouse un cuestionario con tres preguntas que se podían responder nun post-it e a través dun código QR.

Para animar á participación colocouse unha mesa con libros que se agasallaron a todas as persoas que se achegaron ata a entrada do edificio de ferro e contestaron. Deste modo promovíase o contacto cos libros (vinculación afectiva ao obxecto) e a reflexión sobre a nosa biografía lectora (*de todo o que lemos ao longo da vida, que obra, só unha, nos marcou tanto como para recomendala e por que?*).

Na iniciativa *participaron* 271 persoas, tanto de modo manual, coma a través do QR, e repartíronse máis de 200 exemplares de obras literarias, divulgativas e manuais, cedidas pola Área de Normalización Lingüística e o Servizo de Publicacións da Deputación de Ourense, xunto cunha flor de confección artesá.

Ao remate da actividade recolléronse os datos e sistematizáronse a partir do xénero e subxénero de cada obra seleccionada, as franxas de idade do seu potencial destinatario e as función atribuídas polas persoas participantes.



Resultados e conclusións

- 1. Preferencias lectoras: destinatario principal das obras: 56,6% dos títulos son "Literatura de adultos"; un 35,7%, "Literatura xuvenil" e un 7,1%, "Literatura infantil".
- 2. Preferencias lectoras: xénero e subxénero: "Narrativa" (182 obras, un 92,9% da mostra); "Poesía, 4%; "Ensaio", 2,6%; "Teatro", 1 obra.
- 3. Preferencias lectoras dos participantes atendendo ás funcións da literatura: "Evasiva" (43 intervencións) e "Afectiva" (42), "Educativa", "Social" e "Axiolóxica" (22 cada unha), "Estética" (16), "De compromiso" (11), "Simbólica" (6), "Terapéutica" (4), "Lúdica" e "Musical" (1)



- Pódese concluír que nesta exploración se evidencia a necesidade de implementar medidas que melloren a formación lectora e literaria dos futuros docentes de educación infantil y primaria.
- Hai que reflexionar sobre o seu papel como formadores de lectores, que sintan a necesidade de instruirse para promover prácticas lectoras eficientes nas súas aulas e no concepto da lectura que transmitirán a través delas.

Referencias

- Aliagas, C., Castellà, J. M., y Cassany, D. (2009). Aunque lea poco, yo sé que soy listo. Estudio de caso sobre un adolescente que no lee literatura. *Ocnos*, 5, 97-112. https://doi.org/10.18239/ocnos_2009.05.07
- Galindo, A. K. (2021). Ser, tener y leer. La identidad lectora y el capital lector: ¿son elementos clave en la configuración de las prácticas lectoras vernáculas de un adolescente de secundaria? *Diálogos sobre educación, 12*(23), 1-25. https://doi.org/10.32870/dse.vi23.964
- Granado, C. y Puig, M. (2015). La identidad lectora de los maestros en formación como componente de su identidad docente. Un estudio de sus autobiografías como lectores. *Ocnos*, 13, 43-63. https://doi.org/10.18239/ocnos_2015.13.03
- Juárez, M. (2019). Influencia de la formación inicial del profesorado en los hábitos lectores y en el concepto de educación literaria. *Investigaciones sobre Lectura*, 12, 99-115. https://doi.org/10.37132/isl.v0i12.287
- Levine, S., Hauser, M. y Smith, M. W. (2022). Authority and authenticiti in teachers' questions about literature in three contexts. *English Practice&Critique*, *21*(2), 192-208.
- Domine